



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

BASES QUE HAN DE REXER A CONCESIÓN DE AXUDAS AO TRANSPORTE ESCOLAR AO ALUMNADO ESCOLARIZADO EN PONTEVEDRA PARA EMPADROADOS NO MUNICIPIO DE SOUTOMAIOR, PARA O CURSO ESCOLAR 2017/18.

PRIMEIRA: OBXECTO DA AXUDA

A concesión de axuda para o transporte escolar dos/as alumnos/as empadroados no Municipio de Soutomaior.

A axuda concederáse exclusivamente para días lectivos e para 2 viaxes diarios (ida e volta). Excepto nos casos que os beneficiarios teñan clase pola tarde, que a axuda será para 4 viaxes diarios. Subvencionarase o 50% do custe das viaxes.

SEGUNDA: DOTACIÓN ECONÓMICA

A contía total que o Concello de Soutomaior achegará para facer fronte ás concesións de Axudas de transporte, virá reflectido no orzamento municipal do ano en curso. Para o ano 2016 cóntase cunha cantidade total de CINCO-MIL EUROS (5.000 €), con aplicación orzamentaria 440.480.

TERCEIRA: BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as das axudas ao transporte previstas nestas bases, con carácter xeral, os/as alumnos/as empadroados, cunha antigüidade superior a seis meses, no municipio de Soutomaior, escolarizados/as en Bacharelato ou nas seccións de Formación Profesional de centros públicos en Pontevedra.

CUARTA: DOCUMENTACIÓN

Serán requisitos indispensables para ter dereito ás axudas de transporte escolar que se establece, presentar a seguinte documentación:

- Solicitud (poderase recoller no Concello e na páxina web)
- Fotocopia DNI do/a alumno/a
- Fotocopia DNI do/a pai/nai/titor-a
- Certificado Matricula.
- No caso de que a solicitude sexa para 4 viaxes diarios, xustificarse esta circunstancia con certificado do centro escolar.
- Certificación conta bancaria onde se ingresará o importe da axuda.
- Declaración responsable de outras axudas para o mesmo fin.

QUINTA: PUBLICIDADE, SOLICITUDE, PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN.

5.1º.- A publicación das presentes bases realizarase a través de Bandos, no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Soutomaior e no Boletín Oficial da provincia.

5.2º.- As axudas de transporte serán solicitados no Concello de Soutomaior.

5.3º.- O prazo de presentación para a solicitude das axudas comenará a partir da publicación destas Bases no Boletín Oficial de provincia, podendo solicitarse en calquera momento ao longo do curso escolar.

5.4º.- O Concello terá a potestade para denegar as axudas de transporte a quen utilizase estes para outros usos ou traxectos.

5.5º.- Os modelos de SOLICITUDES para solicitar as axudas (Anexo I) serán presentados nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

outubro de 2015 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

5. 6º.- Por parte do Servizo correspondente comprobarase que as solicitudes contan con todos os documentos establecidos na base quinta das presentes Bases; caso contrario e verificada a carencia de documentación concederáse prazo de corrección da solicitude por dez días (10), continuándose co trámite correspondente.

5.7º.- A xustificación dos viaxes realizados levarase a cabo a través dos billetes ou tickets de viaxe. Xunto cos billetes presentarase relación de viaxes realizados e contía total a percibir (a estos efectos facilitarase polo Concello cadro/calendario). Esta xustificación presentarase no Concello de Soutomaior por períodos trimestrais escolares, dentro dos 15 días seguintes do mes que corresponda ou ao final do curso do ano 2017-2018.

5.8º.- Poderase solicitar ó abono de viaxes realizados con anterioridade á concesión da axuda, sempre e cando se correspondan co curso escolar 2017-18 e o importe dos mesmos se xustifique na forma prevista no apartado anterior.

SEXTA: CONCESIÓN DE AXUDAS E COMPATIBILIDADE

6.1.- As axudas de transporte concederáse por rigoroso orde de solicitude.

6.2.- Recibidas as instancias na Concellería de Educación e verificado o cumprimento dos requisitos, adoptarase o acordo de concesión por parte da Xunta de Goberno Local.

6.3.- As axudas serán compatibles con calquera outra para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, sempre que o importe global das subvencións outorgadas non sexa superior ó 100% do custe do transporte. Os/as beneficiarios/as deberán comunicar ó Concello todas as axudas solicitadas ou concedidas e o importe das mesmas.

SÉTIMA: OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os receptores desta subvención virán obrigados a:

- Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na súa solicitude.
- Presentar a xustificación das viaxes realizadas.

OITAVA: ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente convocatoria implica a aceptación das presentes bases.

Todas aquelas cuestións non previstas nas presentes Bases e que puidesen xurdir no seu desenvolvemento, serán resoltas pola Xunta de Goberno Local.

NOVENA: RÉXIME XURÍDICO

Esta convocatoria rexeráse, ademais do previsto nestas Bases, pola Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións do 17 de Novembro.